C.

RESUMO E CONSIDERACIÓNS

C1.

PANORAMA ECONÓMICO

Contexto económico xeral

O contexto económico mundial no conxunto do ano 2013 caracterízase pola ralentización do seu proceso recuperación económica, se ben no segundo semestre do ano repunta a actividade económica aínda que de xeito desigual entre as distintas rexións ou países.

A economía mundial crece no último ano un 3%, dúas décimas menos que no ano anterior. A grandes rasgos, as economías dos países emerxentes, a pesar da ralentización no seu ritmo de crecemento, continuaron sendo o motor da economía mundial, cunha medra do 4,7% (China crece un 7,7%), en tanto que as economías avanzadas o fixeron nun 1,3%. Dentro destas cómpre resaltar o crecemento do 1,9% dos EEUU ou do 1,5% de Xapón en oposición á contracción económica da zona Euro (-0,5%). No continente europeo salienta ademais o forte incremento da actividade produtiva no Reino Unido, cunha medra do 1,7% no seu PIB.

A desaceleración no crecemento das economías avanzadas relaciónase cun menor crecemento da demanda interna nestas economías (1% fronte ao 1,1% do ano 2012 ou o 1,4% de crecemento no ano 2011). Esta desaceleración é consecuencia dunha redución do consumo público (-0,1%) e da desaceleración da formación bruta de capital (1,9%), fronte ao crecemento do gasto en consumo público (0,1%).

A devandita desaceleración no crecemento nas economías avanzadas incide de xeito desigual nas taxas de desemprego. Na zona euro aumenta a taxa de paro ata acadar unha porcentaxe superior ao 12% mentres que Xapón e Estados Unidos rexistran un descenso da mesma que se sitúa no 4% e 7,4%, respectivamente.

- **Zona euro**

A pesar de que a economía da zona euro presenta unha contracción da súa actividade no conxunto do ano 2013, no segundo trimestre do ano

a zona euro sae da recesión económica motivada por un menor freo fiscal, un certo ímpeto da demanda interna privada e das exportacións.

A debilidade da demanda interna da euro zona, fundamentalmente pola caída do investimento (-3%) e do consumo privado (-0,7%), afectada por cada vez maiores taxas de desemprego, o escaso volume de créditos ou a desconfianza dos axentes económicos.

Dentro da zona euro hai importantes diferenzas entre os distintos países tanto en termos de crecemento como de taxas de desemprego e déficit públicos. Neste senso, xunto ás taxas de variación negativas do PIB real nos países do sur de Europa, economías avanzadas como Alemaña ou Francia presentan crecementos do 0,4% e 0,2%, respectivamente. Asemade, as taxas de paro máis elevadas rexístranse en Grecia e España, con taxas superiores ao 26%, en contraposición co 4,9% de Alemaña ou o 5,3% de Austria.

Dos dezaoito países que conforman a zona euro no ano 2013 a metade presentan taxas de crecemento positivas, un máis que no ano anterior.

• A economía española

No segundo trimestre do ano a economía española saíu tecnicamente da súa segunda recesión dende que comezou a crise económica, favorecido entre outros aspectos polo bo comportamento do sector exterior, a redución das tensións nos mercados financeiros ou a evolución do proceso de consolidación fiscal. Non obstante, no conxunto do ano a actividade produtiva descendeu un 1,2% (catro décimas menos que no ano anterior) rexistrándose novamente un descenso da ocupación estimada pola EPA (-2,8%) e unha medra do número de persoas paradas (4,1%).

A devandita caída do PIB real ven explicada polo comportamento da demanda interna, que detrae 2,7 puntos ao crecemento agregado do PIB. Por sexto ano consecutivo a demanda externa é o motor da economía española, aportando no último ano 1,5 puntos ao crecemento do PIB.

O descenso na demanda interna, está provocado, por unha banda, por unha caída do 2,1% do consumo final, en concreto a caída no consumo das Administracións Públicas foi do 2,3% e no dos fogares do 2,1%. Nembargante, a caída máis significativa é novamente a da Formación Bruta de Capital Fixo que se reduce nun 5,1% en relación ao ano anterior (-7% no ano 2012).

Dende o punto de vista da oferta, agás o sector primario que incrementa o seu Valor Engadido Bruto (VEB) nun 1,1% en relación ao ano anterior, o resto de sectores contraen a súa actividade produtiva. Así a construción xera un 7,7% menos de VEB, a industria un 1,2% menos e o sector servizos un 0,5% menos.

A economía española, por mor do menor investimento e menor aforro de empresas non financeiras e pola caída do investimento público, rexistrou en 2013 unha capacidade de financiamento do 1,5% do PIB, feito que non acontecía dende o ano 1997. Asemade, interrompeuse a senda de incremento da débeda total, resultado exclusivamente do proceso de desapalancamento do sector privado, mentres que medra o correspondente ao sector público.

Ao mesmo tempo, a pesar da caída da prima de risco a débeda pública aumentou no último ano ata o 94% do PIB.

• A economía galega

De xeito semellante ao que acontece na zona euro ou no conxunto do estado español, a economía galega saíu da recesión económica ao

longo do ano 2013, pero segue mostrando unha contracción da súa actividade produtiva no conxunto do ano. A caída do PIB de Galicia foi do 1,1%, unha décima menor que a experimentada polo PIB real estatal (-1,2%).

Tal como acontece a nivel estatal, a contracción económica en Galicia deriva nun deterioro importante do tecido empresarial e do mercado de traballo, caracterizado pola non creación de emprego neto, o forte incremento do desemprego, especialmente significativo no caso do paro de longa duración. Rexístranse elevadas taxas de desemprego, moito máis acusadas no caso da taxa de paro xuvenil.

Ante as dificultades da economía galega, o CES considera que a atención das políticas de crecemento, escasa e supeditada en todo caso aos obxectivos de austeridade e disciplina macroeconómica, debería tender a consolidar un patrón de crecemento máis sostible e mellor adaptado ás características das economías avanzadas.

– Agregados de demanda

A evolución da actividade económica en Galicia ven determinada dende o ano 2008 pola contracción da demanda interna así como por unha contribución positiva da demanda externa. Ao igual que no ano 2012, a achega da demanda interna ao crecemento agregado do PIB galego é inferior á do conxunto do Estado, sendo superior a contribución da demanda externa.

O gasto en consumo final en Galicia redúcese un 2% en relación ao ano anterior, afectando tanto ao consumo dos fogares (-2,3%) como en menor medida ao consumo realizado polas Administracións Públicas (-1,1%).

A evolución do investimento, medido a través da formación bruta de capital fixo, mostra unha contracción do 2,7%, caída inferior á rexistrada no ano precedente, do 5%, e inferior tamén á rexistrada no conxunto do Estado, do 5,1%.

Tal como se cita anteriormente o sector exterior contribúe positivamente ao PIB, aínda que en menor medida que no conxunto do Estado. Isto é debido ao feito de que a pesar do bo comportamento das exportacións, as importacións presentan no último ano un forte impulso. Mentres que o diferencial entre o crecemento das exportacións e importacións de bens e servizos é de dous puntos porcentuais en Galicia, no conxunto do Estado sitúase en catro puntos e medio.

O deterioro da demanda interna continúa dificultando o crecemento da actividade económica e a creación de emprego neto, polo que en opinión do CES, ademais de actuar na mellora da internacionalización e da competitividade exterior, as prioridades de actuación deben orientarse, en paralelo e decididamente, a reactivar o mercado interno, o emprego e o dinamismo investidor.

– Agregados de oferta

O ano 2013 confirma a mellora experimentada polo sector industrial no segundo semestre de 2012, situándose como o único sector con taxas de crecemento positivas. O valor engadido bruto xerado polo conxunto das actividades industriais medrou un 1,9% en relación ao ano anterior, rompendo a tendencia que se viña producindo dende o ano 2008. Os peores resultados rexistráronse na construción e nos servizos, cun descenso do 4,1% e 1,4%, respectivamente.

O CES considera positivo o crecemento do sector industrial tendo en conta os efectos de arrastre sobre o resto de actividades produtivas e a demanda de servizos a empresas. Ademais, destaca a importancia de crear un marco idóneo para a consolidación deste crecemento.

No conxunto do Estado a evolución da actividade industrial e a do sector primario presenta unha tendencia contraria á da economía galega, descendendo no primeiro caso un 1,2% e aumentando o VEB xerado polo sector primario un 1,1%. Asemade, a contracción do sector da construción é moi superior á da economía galega a diferenza do que acontece no sector servizos.

• Distribución funcional da renda, salarios e custos laborais

En 2013 continúa a tendencia descendente do peso da remuneración de asalariados no PIB en favor do excedente bruto de explotación/rendas mixta bruta e dos impostos indirectos. En relación ao ano anterior o peso da remuneración de asalariados descende en sete décimas e o excedente de explotación medra catro décimas.

En opinión do CES, resulta preocupante a redución do peso relativo da remuneración de asalariados en case catro puntos dende que comezou a crise polas consecuencias que isto pode ter para a recuperación económica.

O custo laboral unitario real, que permite unha aproximación á distribución da renda, volve a presentar no último ano un forte descenso, sendo máis acusado en Galicia que no conxunto do Estado. Asemade, o importante crecemento da produtividade aparente do factor traballo prodúcese por mor da caída do emprego, que descende en torno ao 19% dende o comezo da crise.

O aumento salarial pactado en Galicia foi do 0,66%, punto e medio por baixo do rexistrado no ano anterior.

A pesar do incremento do 2,4% do custo laboral por traballador e mes en Galicia no ano 2013 (0,2% en España), este sitúase un 11,2% por baixo da media española. O devandito custo ascendeu ata os 2.260,18 euros, un 13,1% inferior á media estatal, e un 2,4% superior ao rexistrado o ano anterior, o que sitúa novamente a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma cun custo laboral mías reducido.

• Inflación e prezos

Coa excepción da deflación experimentada no ano 2009, a taxa media de variación interanual do IPC en Galicia sitúase no seu nivel máis baixo dende 2002 (base 2001=100), cunha medra do 1,4% (1,5% no conxunto do Estado). Se se considera a variación interanual correspondente ao mes de decembro, a inflación si que presenta as taxas máis reducidas no devandito período de tempo (0,5% en Galicia e 0,3% en España).

Os grupos de produtos máis inflacionistas, tanto en Galicia como en España, aínda que con menor intensidade, son os integrados nos de bebidas alcohólicas e tabaco,medicina e ensino. Pola contra, a taxa de variación media anual é negativa no caso do grupo das comunicacións.

O Índice de Prezos Industriais (IPRI) descende en Galicia un 0,4% (medra seis décimas no conxunto do Estado) influenciado pola caída dos

prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo non duradeiros. Entre os distintos bens integrados no IPRI a enerxía e os bens intermedios son os únicos que presentan unha medra en relación ao ano anterior.

Marco orzamentario e recadación tributaria

Para o ano 2013 a Comunidade Autónoma de Galicia conta cun orzamento consolidado de 9.479,9 millóns de euros, un 3,8% inferior ao inicialmente aprobado no ano anterior. Este orzamento representa o 16,4% do PIB galego estimado e supón 3.442,28 euros por habitante

Se os orzamentos para o ano 2012 estimaban que a situación inicial de necesidade de financiamento se situaría en 661,5 millóns de euros, os de 2013 presentaron unha redución da mesma, situándose nos 495,7 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 1.475,6 millóns de euros (7,4% inferior ao do ano anterior) en tanto que o endebedamento neto o fixo nun 22,3% para situarse nos 641,7 millóns de euros, é dicir o 1,15% do PIB rexional.

O orzamento previsto para o ano 2013 presentou unha redución en todos os grupos funcionais agás no da débeda pública (+33,7%), salientando as reducións nos casos da produción de bens públicos de carácter social, con 313,8 millóns de euros menos (-5,2%) e os de protección e promoción social, con 175,7 millóns menos (-18,6%).

Tendo en conta o forte impacto social da crise económica, o CES quere reiterar a súa preocupación pola progresiva redución de recursos dedicados á produción de bens públicos de carácter social, en especial en educación e sanidade (247 millóns de euros menos entre ambos os dous), así como dos dedicados á protección e promoción social (175,7 millóns) e á produción de bens públicos de carácter económico (88,6 millóns de euros). Fronte a esta caída rexístrase un elevado e progresivo incremento dos recursos destinados a afrontar os pagos da débeda pública.

No que atinxe á execución orzamentaria, destacar que, sendo a necesidade de financiamento prevista no orzamento inicial de 495,7 millóns de euros, na execución orzamentaria ascendeu a 778,9 millóns de euros, 283,2 millóns de euros máis, consecuencia dun volume de ingresos non financeiros inferior aos inicialmente previstos e un nivel de gasto superior ao presupostado.

A recadación tributaria en Galicia descende no último ano nun 1,5%, motivado pola caída dos ingresos derivados tanto dos impostos indirectos (-3,8%) como directos (-0,6%). Por contra, no conxunto do Estado a recadación medrou un 0,2% xa que a caída dos ingresos por impostos directos (-2,1%) foi compensada pola medra dun 3% no caso dos impostos indirectos. Os dous principais impostos en termos de recadación son o IRPF e o IVE que experimentan en Galicia unha caída na súa recadación (4,8% e 3,5%, respectivamente) fronte ao incremento do 2,9% a nivel estatal no caso do IVE (descende un 0,9% a recadación polo imposto da renda).

O CES reitera a necesidade de adoptar medidas que favorezan a natalidade e que contribúan á fixación da poboación na nosa comunidade.

En opinión do CES o descenso da poboación con idades comprendidas entre os 15 e 34 anos constitúe un feito preocupante

polas consecuencias futuras que ten, entre outros aspectos, na sostibilidade do sistema de protección social.

Evolución demográfica

A evolución demográfica de Galicia continuou no ano 2013 coa súa dinámica negativa, acadando a 1 de xullo de 2013 os 2.753.960 habitantes, 8.010 residentes menos que a comezos do ano resultado dun saldo negativo dos movementos migratorios (–1.963 persoas) e un crecemento vexetativo negativo.

Ao longo dos últimos cinco anos e medio a poboación galega descendeu en máis de 30.000 persoas mentres que no conxunto do Estado a poboación residente medrou en máis de 450.000 habitantes. Esta tendencia negativa agrávase tendo en conta tanto o proceso de envellecemento da poboación galega (medra un 6,5% neste período de tempo) como a forte redución de persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 39 anos (13,1%).

Un problema engadido ao xa citado de perda e avellentamento da poboación, é o derivado de que non existe unha homoxeneidade en termos xeográficos, observándose contrastes importantes non só entres as provincias do interior e a costa senón tamén a nivel comarcal. ■

C2.

MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS

Panorama xeral do mercado de traballo en Galicia

A recesión económica, con taxas negativas de variación do PIB real en Galicia do 1,1%, nun entorno económico-financeiro inestable, deriva nunha maior profundización do deterioro do mercado laboral. O devandito deterioro reflíctese, entre outros aspectos, na redución no número de afiliados á Seguridade Social, na caída da poboación activa, redución nos niveis de emprego e no crecemento do desemprego, especialmente significativo no caso das persoas que levan máis de dous anos en paro (paro longa duración) pola súa dificultade de inserción no mercado laboral.

Dende o comezo da crise económica o número medio de afiliados á Seguridade Social redúcese en Galicia en máis de 155.000 persoas, o que supón en torno a un 14,5% menos de afiliados, e a ocupación estimada perde en torno aos 195.000 ocupados (-16,2%). Xunto a esta caída do emprego, o paro rexistrado increméntase dende o ano 2008 en 113.500 persoas, o que supón que 2013 acada un nivel de desemprego que é case un 70% superior ao paro que se rexistraba no ano 2008. O paro estimado pola EPA presenta unha medra de 171.000 persoas entre os dous anos considerados.

Tal como acontece en anos anteriores, a evolución do mercado laboral en 2013 ven marcado por un novo incremento na taxa de paro, moito máis acusado no caso do desemprego xuvenil, e un descenso nas taxas de actividade e ocupación.

As peores consecuencias da crise económica no mercado laboral son a forte destrución de emprego e o grave incremento da poboación parada, polo que o CES entende necesario destacar unha vez máis que a consecución do crecemento económico necesario para acadar a creación de emprego estable, debe ser un obxectivo global das políticas económicas que se implementen por parte dos poderes públicos.

A poboación activa en Galicia presenta no ano 2013 un forte descenso, situándose por baixo por baixo de 1.300.000 persoas por primeira vez dende que comezou a crise económica. A poboación activa situouse no último ano en 1.290.900 persoas, un 2% menos que no ano anterior (case 27.000 activos menos), sendo esta porcentaxe nove décimas superior á media española. Neste último ano a poboación maior de 16 anos descende en case trece mil persoas (0,1% menos que no ano anterior) sendo esta caída de 18.800 dende que comezou a crise económica.

A diferenza do acontecido no ano 2012, a devandita perda da poboación activa estimada para o último ano prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, e tanto nas persoas de nacionalidade española como estranxeira. Asemade, é importante resaltar o descenso producido entre a poboación de idades comprendidas entre vinte e trinta e catro anos, con case 27.000 activos menos (11.500 no caso das persoas entre 30 e 34 anos e 10.400 no do grupo de 25-29 anos).

O CES considera necesario volver a resaltar que o fomento do emprego debe estar asociado á implementación de medidas de estímulo económico que favorezan o retorno a unha senda de crecemento estable.

O EMPREGO

Os datos do ano 2013 denotan as dificultades da economía galega para crear emprego. O número medio de afiliacións á Seguridade Social continúa no ano 2013 a súa tendencia descendente, acadando un novo mínimo histórico con 917.354 afiliacións, un 3,1% menos que no ano anterior (en torno ás 28.900 persoas afiliadas menos).

O CES considera necesario salientar a gravidade do continuo descenso do número de afiliacións (máis de 155.000 dende que comezou a crise económica) dadas as súas consecuencias na sostenibilidade do sistema de protección social.

No último ano todas as comarcas galegas (agás Viana) e 306 dos 314 concellos galegos presentan unha diminución do número de afiliacións. Entre os grandes concellos galegos en termos de poboación, cómpre salientar que o municipio de Ferrol é quen presenta a maior caída en termos relativos, cun 5%, sendo este descenso do 19% dende que comezou a crise.

A gravidade do problema da perda e/ou non xeración de emprego móstrase claramente no feito de que no ano 2013 continúa o descenso da poboación ocupada, acadándose a cifra máis baixa de ocupación dos últimos 12 anos, con 1.006.400 persoas. En relación ao ano anterior o número de ocupados descendeu un 3,9%, case 41.000 persoas, sendo esta porcentaxe superior á media estatal (2,8%).

O descenso no emprego no ano 2013 céntrase tanto no poboación masculina como feminina, con 24.000 e 16.800 ocupados menos (no ano anterior a caída do número de ocupados concentrábase de xeito máis acusado no caso dos homes, cun diferencial de case 22.000 ocupados). Asemade, o descenso prodúcese tanto na poboación de nacionalidade española (37.600 persoas) como nas de nacionalidade estranxeira (3.300 persoas).

A diferenza do ano anterior, e en ámbolos dous casos, o descenso da ocupación produciuse de xeito xeneralizado en todos os grupos de idade. Pola súa incidencia no desenvolvemento do teci-

do produtivo galego actual e futuro e/ou seu impacto social, cómpre destacar as caídas da ocupación entre as persoas con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos, con máis de 18.000 ocupados menos, e entre as persoas maiores de 45 anos, con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, con 11.500 ocupados menos.

No último ano todas as ramas de actividade presentan perdas de emprego. Especialmente significativo é o comportamento do sector industrial, onde a pesar do crecemento do seu valor engadido bruto dende o segundo semestre de 2012 a poboación ocupada diminúe en torno ás 11.500 persoas. No que atinxe ao resto dos sectores produtivos, a construción segue a ser o sector con maior descenso da ocupación en termos relativos, 12,7% respecto ao ano anterior, en tanto que en termos absolutos o descenso máis pronunciado corresponde aos sector servizos, con 14.000 persoas (-1,9%)

No que respecta á perda de emprego en función da situación profesional, a destrución afectou en maior medida aos asalariados, tanto no sector público como privado, se ben a diferenza do ano anterior, en 2013 prodúcese un descenso no número de traballadores por conta propia. O volume de asalariados reduciuse no sector privado en 19.500 asalariados (un 3,2% menos) e en 15.400 persoas no sector público (-8,0%). Doutra banda, redúcese novamente o número de empresarios con asalariados e de axudas familiares (5.300 e 2.100 ocupados menos, respectivamente), en tanto que aumenta en 1.600 persoas os empresarios sen asalariados.

Un último aspecto a destacar na evolución da ocupación no último ano é a maior incidencia que se produce no caso das persoas cunha formación de estudos primarios e educación secundaria (primeira etapa) que presentan un descenso da ocupación de 18.000 e 23.200 persoas, respectivamente.

O CES considera necesario insistir na gravidade do problema económico e social asociado á menor ocupación, e en que a crise está a provocar unha modificación das condicións do emprego, entre outros, en termos de incremento na taxa de traballo a tempo parcial, ou de redución da duración dos contratos.

Dende que comezou a crise económica, o descenso da ocupación (case 195.000 persoas ocupadas menos) está especialmente localizada en homes (o 72,7%) debido ao maior impacto da crise no sector da construción e da industria (acollen o 33,3% e 31,7% da caída de ocupados, respectivamente), nas persoas de nacionalidade estranxeiro, que representa o 92,7% da caída (a caída da ocupación entre as persoas con nacionalidade fóra da UE é do 38,5%) e nos asalariados (o 74,7% do descenso). A caída da ocupación entre as persoas de 25 a 34 anos representa o 56,8% do total, e entre as persoas de 20-24 anos, o 21,1%.

Características e dinámica do mercado de traballo

No ano 2013 en Galicia había 176.700 persoas contratadas temporalmente, o que supón que de cada cen ocupados asalariados, 22,8 son temporais (23,1 de media no Estado), sendo 2,6 puntos porcentuais maior a taxa de temporalidade feminina que a masculina. Prodúcese unha significativa redución da taxa de temporalidade no sector público en Galicia, de 1,3 puntos porcentuais, na liña da redución media da citada taxa no conxunto do Estado, aumentando lixeiramente no ámbito privado no caso galego (dúas déci-

mas). Por provincias segue destacando Pontevedra pola súa elevada taxa de temporalidade, cun 25,7%, case un punto máis que no último ano anterior.

A caída da poboación ocupada prodúcese exclusivamente polo descenso de persoas ocupadas en xornada a tempo completo. No último ano a caída de 50.400 persoas con este tipo de xornada mitígase levemente co incremento producido no caso da ocupación de persoas en xornada a tempo parcial (+9.600 persoas máis que no ano anterior). Esta mesma tendencia prodúcese no caso dos homes como das mulleres, sendo máis acusado o incremento da xornada a tempo parcial nas mulleres mentres que a redución da xornada a tempo completo é superior no caso dos homes.

A pesar do incremento do 7% da ocupación a tempo parcial (máis dun punto superior á media estatal), 14,5 de cada 100 ocupados en Galicia son a tempo parcial, fronte aos 15,8 de cada 100 de media no Estado.

A diferenza do acontecido no ano anterior rexístrase unha medra no número de contratos, que no ano 2013 ascenderon ata os 706.778, un 6,7% máis que no ano anterior. Este incremento na contratación prodúcese tanto nos contratos de duración temporal, que aumentan un 7%, como na contratación indefinida (3,3%).

O 92,4% do total de contratos correspóndense con contratos de duración temporal. O xa elevado índice de rotación de contratos increméntase novamente no ano 2013, de xeito que cada asalariado tivo de media 3,7 contratos temporais. Os contratos por obra ou servizo e os eventuais segundo circunstancias da produción presentan unha medra de 27.174 (11,9%) e 15.158 (5,4%) contratos, respectivamente.

O 60,1% dos contratos temporais de duración inferior a 6 meses, sendo o peso relativo dos contratos cunha duración ente quince días e un mes do 30,6% e os que presentan unha duración inferior aos 15 días do 10,6%.

- **Poboación parada**

A contracción da actividade económica galega ten unha incidencia directa no ámbito laboral, que se traduce xunto á falta de emprego, nun forte incremento da poboación parada, e deriva na existencia de elevadas taxas de desemprego de longa duración e xuvenil. No ano 2013 o desemprego estimado en Galicia acadou de media as 284.600 persoas, un 5,2% máis que no ano anterior, fronte ao 4,1% de incremento medio no conxunto do Estado. Tal como ven acontecendo dende o ano 2010, o mercado de traballo galego caracterízase por ter taxas medias de crecemento anual do paro estimado superiores ás existentes de media no Estado.

O desemprego non afecta coa mesma intensidade a homes e a mulleres, nin nos distintos grupos de idade. O paro estimado no último ano aumentou de xeito máis acusado no caso das mulleres, cunha subida media do 5,8% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 4,8% no caso dos homes. No que respecta aos distintos grupos de idade, cómpre salientar a medra do paro entre as persoas maiores de 45 anos, con case once mil desempregados máis. No caso das persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos a taxa de crecemento foi do 12,6% e no das persoas maiores de 55 anos, do 16,9%.

Dada a persistencia e a duración do desemprego, o CES cree necesario insistir na importancia de avanzar na complementariedade entre as políticas económicas e de

emprego e as medidas de protección e inclusión social, prestando especial atención aos colectivos con maiores dificultades de empregabilidade, como poden ser os maiores de 45 anos ou a mocidade.

Seis anos de intensa crise económica, con fortes efectos no mercado laboral, levan á economía galega a acadar en 2013 históricas taxas de paro do 22%, feito que, asociado a que o 35% dos parados (100.200 persoas) levan máis de 2 anos na procura de emprego e que a taxa de paro xuvenil aumenta considerablemente ata o 49,9%, deriva nun grave problema de precariedade social e económico.

Dende que comezou a crise económica a poboación parada en Galicia medrou en 171.000 persoas e a de longa duración multiplicouse por 6,8 (85.500 desempregados máis). Nestes seis anos, a taxa de paro aumentou máis de trece puntos porcentuais (8,6% en 2008) e a taxa de paro xuvenil o fixo en case 29 puntos (21,1% no ano 2008).

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia ascendeu no ano 2013 ata as 276.007 persoas, 5.500 persoas máis que no ano anterior, o que supón unha medra do 2,0%. Aínda tendo en conta este mal dato, esta taxa de crecemento interanual é a menor dende comezos da crise económica, e a diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, esta medra é inferior á do conxunto do Estado. En termos interanuais, o paro rexistrado descende en Galicia nos meses de novembro e decembro un 2,1% e 2,8%, respectivamente.

Os datos do Servizo Público de Emprego (SPE) indican que por primeira vez dende que comezou a crise, Galicia rexistra no ano 2013 un descenso do paro rexistrado nos sectores industriais e na construción, aumentando novamente no caso dos sectores primario e servizos considerados no seu conxunto. En concreto, a construción presentou un descenso en de 2.412 persoas e as ramas industriais rexistran 1.356 desempregados menos. Asemade, no último ano volve a descender o paro entre as persoas sen emprego anterior (-3. 278). Por contra, neste último ano o sector servizos foi o que presentou o maior incremento do desemprego rexistrado, con 11.678 parados máis, aumentando no sector primario en 1.309 persoas.

O 59% dos parados galegos rexistrados no (SPE) no ano 2013 o están no sector servizos (62,6% en España). Séguelle a construción co 15,5% (14,5% no conxunto do Estado), as actividades industriais, co 14,1% (14,5%) e o sector primario que acolle o 3,3% dos desempregados (4,2%).

Atendendo á súa evolución dende o ano 2009, o desemprego rexistrado medrou en todos os sectores e en todas as seccións de actividade (CNAE 2009), salientando o comercio, con 10.351 desempregados máis, seguidas polas actividades da industria manufactureira, o transporte e almacenamento e a hostalería, cun incremento superior ás 5.200 persoas.

Relacións laborais

No ano 2013 rexistráronse en Galicia 860 convenios (122 de sector e 738 de empresa), un 2,3% máis que no ano anterior. O número total de convenios asinados ascendeu a 195, case oitenta máis que en 2012 cando se rexistrou a cifra máis baixa da último década, afectando a un total de 242.672 traballadores, case 180.000 mías que no ano precedente.

O incremento salarial medio pactado nos 208 convenios asinados ou revisados en 2013, foi do 0,57%, o máis baixo do que se ten rexistro, máis

de medio punto porcentual inferior ao IPC galego. A xornada media pactada incrementouse ata as 1.775 horas anuais (1.728 de media no Estado), sendo Galicia a quinta Comunidade Autónoma con maior xornada media por detrás de Canarias, Murcia, Ceuta e Melilla e Estremadura.

O número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia, tras os fortes incrementos de 2011 e 2012, descende no último ano case un 18%, acadando os 1.917 expedientes, 415 menos que no ano precedente. O total de traballadores afectados no último ano, despois dos fortes incrementos dos anos anteriores (máis de 70% no ano 2011 e do 30% en 2012) redúcese nun 22,6%. Dos 22.960 traballadores afectados, o 60% (13.760 persoas) sufriron unha suspensión do emprego e o 25% (5.748 traballadores), unha rescisión do seu contrato.

Seguridade e saúde no traballo

A redución da actividade económica a partir do ano 2008 e a súa incidencia no mercado de traballo, xunto coas medidas implementadas no ámbito da seguridade laboral, traen como consecuencia un novo descenso do número de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, que no ano 2013 foron 22.377, un 5,4% menos que no ano precedente.

Esta redución no número total de accidentes prodúcese en todos os sectores económicos agás no sector agrícola. As actividades da construción son as que experimentan un maior descenso porcentual, un 26,2% de accidentes menos que no ano anterior, seguido da industria, cunha caída do 4,1%, e do sector pesqueiro, co 3,2% menos de accidentes que en 2012.

O CES considera importante destacar a necesidade dunha maior concienciación das políticas de prevención laboral, facendo especial mención no sector primario.

O índice de incidencia descende en Galicia ata os 2.869 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra similar á media estatal, situándose como a oitava Comunidade con maior número de accidentes con baixa laboral.

En 2013 continúa descendendo o número dos procesos iniciados de baixas laborais por continxencias comúns, cunha incidencia media de 13,78 baixas por cada 1.000 traballadores protexidos, reducíndose a duración media dos mesmos, que se sitúa nos 57,44 días, sendo de 58,59 no ano anterior. A duración media en Galicia é moi superior á estimada no total estatal, que no último ano foi de 36,01 días.

C3.

TECIDO PRODUTIVO

Demografía empresarial

A 31 de decembro de 2013 en Galicia estaban inscritas na Seguridade Social 76.299 empresas, en torno a once mil empresas menos que as rexistradas no ano 2008, un 13% menos, descenso porcentual similar ao experimentado de media no conxunto do Estado.

En relación ao ano anterior, no 2013 Galicia perde o 2,1% das empresas inscritas na Seguridade Social, fronte á perda do 1,1% de media no Estado.

Outro piar fundamental da estrutura empresarial son os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social. No último día do ano 2013 en Galicia estaban rexistrados case 225 mil afiliados no dito réxime, dos que 143.500 constitúen os denominados "autónomos propiamente ditos", o que supón o 7,5% do total estatal, un peso que descende a causa da redución do 0,6% no número de traballadores autónomos en Galicia, fronte ao incremento do 0,7% en España.

A perda de traballadores autónomos en Galicia é especialmente significativa na agricultura (1.919 traballadores autónomos menos en relación ao ano 2012), nos traballadores de máis de 55 anos (1.095 menos), así como nos titulares dun negocio cunha antigüidade igual ou superior a cinco anos (4.628 autónomos menos), incrementando en 2.626 os titulares de negocios de menos de 11 meses de antigüidade.

Neste contexto, o número de autónomos que cotizan por unha base superior á mínima descende en 1.098 persoas, fronte ao incremento de 293 dos autónomos que cotizan pola base mínima de cotización, de xeito que no ano 2013 o 78% dos traballadores autónomos galegos cotizan pola base mínima, sendo do 85,7% a media estatal.

A dinámica empresarial galega caracterízase por

un incremento no número de empresas creadas, e disoltas, e, por tanto, por un maior índice de rotación empresarial.

No ano 2013, seguindo a tendencia de anos anteriores, en Galicia creáronse 4.276 sociedades mercantís, un 3,2% máis que no ano anterior, fronte ao 7,1% de incremento medio no Estado. A análise do tamaño das empresas polo volume de asalariados mostra como o 51,2% das empresas rexistradas non teñen asalariados e o 45% teñen menos de 10 asalariados.

En paralelo ao incremento no número de sociedades creadas, as sociedades que se disolven son un 12,9% máis que no ano anterior, acadando as 1.936. En Galicia por cada 100 sociedades que se crean, 45,3 se disolven, moi por encima da media estatal, que para o ano 2013 se sitúa en 26,5. Xunto ao sinalado diferencial, fronte ao incremento de 0,5 puntos porcentuais do índice de rotación empresarial no conxunto de España, en Galicia este rateo increméntase no último ano en case catro puntos porcentuais.

As empresas concursadas en Galicia no ano 2013 son 521, un 4% máis que no exercicio precedente. A crise económica provoca un forte incremento no número de empresas inmersas en procedementos concursais, que pasan de ser 51 no ano 2007, ás xa citadas 521 do ano 2013, o dato máis elevado da serie. No que respecta ao tamaño por número de asalariados, no ano 2013 en Galicia entraron en concurso de acredores 18 empresas de máis de 100 empregados. Así mesmo, o 4,8% das empresas concursadas no ano 2013 tiñan un volume de negocio superior aos 10 millóns de euros. Finalmente salientar que a actividade principal do 33,4% das empresas concursadas é a construción, sendo destacable tamén que o 20,7% teñen como actividade principal o comercio, por xunto e polo miúdo, observándose o efecto negativo da crise e da redución de demanda sobre estas actividades.

Continúa polo tanto no ano 2013 a tendencia, descrita ao longo de toda a crise económica, de incremento ano a ano do número de empresas disoltas por cada 100 creadas, de xeito que en Galicia no ano 2013 case a metade das empresas que se crean non se consolidan, un índice de rotación empresarial moito máis elevado que a media estatal. A menor consolidación empresarial, xunto ao incremento do número de empresas en concurso de acredores, favorece o debilitamento do tecido empresarial en Galicia.

O CES quere chamar a atención sobre o elevado ritmo de destrución do noso tecido empresarial, lastrado polas dificultades derivadas dun mercado interno contraído, un endeudamento elevado e unha falla de acceso ao financiamento. Por todo o sinalado, é importante que a política económica se oriente á recuperación dos sectores, especialmente os estratéxicos, á busca de novas oportunidades e á mellora da competitividade.

No que respecta ás empresas de economía social, no ano 2013 continúa o crecemento no número de cooperativas e socios das mesmas, con 919 sociedades e 8.699 traballadores, o que supón un crecemento do 1% no número de sociedades e do 2% no número de socios, fronte á leve redución no número de sociedades no conxunto do Estado, cun 0,4% menos que no ano anterior.

O número de sociedades laborais, tamén como ven acontecendo en anos anteriores, continúa o seu descenso, con 618 sociedades, (7,6% menos que no ano 2012) e 2.905 traballadores (6,7% menos).

O CES entende que as políticas económicas deben apoiar iniciativas emprendedoras viables que favorezan a consolidación dun tecido empresarial sólido e de calidade.

Estrutura produtiva

O PIB galego no ano 2013 retrocedeu un 1,1% en taxa interanual. Este retroceso, aínda que unha décima inferior á media do Estado, é superior ao experimentado no exercicio anterior (–0,9%). A estrutura produtiva galega presenta, en relación á media estatal, un peso porcentualmente inferior en termos de VEB do sector servizos e maiores porcentaxes tanto da industria como da construción e do sector primario, que en Galicia case duplica o peso medio do conxunto do Estado.

O sector servizos aporta o 65,1% do VEB total (72,1% a nivel estatal), a industria o 21,1%, a construción o 9,4% e a agricultura, gandería e pesca o 4,4% restante.

As taxas de variación interanual do VEB por ramas de actividade mostran resultados negativos, agás na rama industrial, que presenta unha taxa do 1,9% de variación interanual positiva do seu VEB. Así, fronte ao aporte positivo do sector industrial, as ramas agraria e pesqueira reducen o seu aporte nun 0,6%, a construción nun 4,1%, e, seguindo a tendencia iniciada no ano 2009, os servizos decrecen cunha taxa de variación interanual negativa do 1,4%.

A crise económica e os graves efectos da mesma sobre a estrutura produtiva trasládanse ao mercado laboral, con reducións no volume de ocupación en todos os sectores. Esta menor actividade reduce un 6,5% do emprego equivalente a tempo completo do sector primario, un 7% do emprego industrial, un 12,7% na construción e un 1,9% no sector servizos.

• Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario en Galicia é un piar fundamental sobre o que se asenta a estrutura produtiva, territorial e social, sector básico tanto dende o punto de vista do seu valor engadido, do emprego xerado como do seu papel fundamental na articulación do territorio.

A importancia do sector primario radica, tanto no VEB a prezos básicos xerado polo sector en Galicia, que no ano 2013 acada o 4,4% do total, (media estatal 2,6%), como polo seu volume de emprego, que supón o 7,3% do emprego total galego, duplicando a media estatal. Non obstante, obsérvase unha acelerada tendencia decrecente no emprego, que, previsiblemente, se manterá no futuro.

O sector primario galego acolle o 10,1% do total da poboación ocupada no sector no conxunto do Estado e o 9,2% do VEB total, o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade con maior aporte, tras Andalucía, Castela e León e Castela–A Mancha.

O crecemento e fortalecemento do sector primario en Galicia deben sustentarse tanto na realización dos necesarios axustes estruturais como nunha aposta clara pola calidade e especialización da súa produción.

O **subsector agrogandeiro** está experimentando unha redución no número de explotacións e un incremento da superficie agraria útil das mesmas, consecuencia da evolución demográfica

e dos procesos de axuste do subsector. Nembargante, o elevado grao de parcelación da superficie agraria continúa constituíndo un grave problema para acadar a viabilidade económica das explotacións en Galicia. A gandería galega ten unha gran importancia dentro do sector, tanto pola produción gandeira en si mesma, carne e leite, como pola orientación da agricultura ás producións para alimentación animal.

A produción de leite increméntase en Galicia un 1,4% no ano 2013, acadándose un prezo medio por litro de 34,8 céntimos, inferior á media estatal pero superior ao fixado de media no ano 2012. Galicia dispón do 37,4% da cota leiteira total estatal e, a pesar do incremento no volume total de toneladas por explotación con cota, segue a ser a Comunidade Autónoma con menor rateo cota/explotación, seguida de Asturias.

As explotacións agrarias e gandeiras galegas precisan dispoñer de superficie agraria útil para acadar uns custes de produción o mais baixos posibles co fin de ser máis competitivas e obter unhas rendas por UTA (Unidades de Traballo Agrario) suficientes para desenvolver a actividade. Neste senso, o CES considera que o Banco de Terras de Galicia (Bantegal) pode ser un instrumento útil si se dota dos recursos axeitados para facilitar o acceso á terra a quen a precise, nunhas condicións económicas e agronómicas axeitadas, e o mesmo tempo garantindo uns ingresos dignos para os seus propietarios.

Outro piar fundamental da estrutura produtiva e social galega é o **sector pesqueiro**. A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas no ano 2013 descende un ano máis, reducíndose nun 6,6% o volume total de kg. de peixes e mariscos comercializados, e nun 6,2% o valor total en primeira venda. Tanto en volume como en valor os "peixes" son o grupo máis importantes.

No ano 2013 as actividades de acuicultura en Galicia proporcionan 16.284 empregos, o que supón o 81,9% do total do emprego do sector a nivel estatal. O mexillón é a especie máis estendida na acuicultura en Galicia.

A longa tradición e as inmellorables condicións da costa galega fan da acuicultura unha actividade en continúa expansión e de gran importancia en Galicia. A Administración debe sentar as bases para que o sector poida afrontar coas maiores garantías posibles os retos que a actividade afronta nos ámbitos da ordenación da produción e dos mercados.

A importancia do sector agrogandeiro en Galicia e a preponderancia do sector pesqueiro no conxunto do Estado non parecen ter un paralelismo no volume de axudas recibidas dos fondos europeos. Así, as axudas do FEAGA e FEADER en Galicia só acadan o 3% e 7% do total estatal, respectivamente, acollendo o 4,3% dos beneficiarios dos dereitos de pago único, cun importe medio dos dereitos de pago por beneficiario de 3.250 euros, fronte aos 5.329 euros de media no conxunto do Estado. De xeito semellante, no período 2007-2013, Galicia certificou o 37% do gasto público total do Fondo Europeo de Pesca.

No **subsector silvicultura-madeira**, as industrias de primeira e de segunda transformación reflicten, por primeira vez, despois de tres anos de redución, unha recuperación do seu volume de facturación, que medra un 2,6% en relación ao ano anterior. Este crecemento susténtase

nunha tímida recuperación da demanda nacional e na consolidación dos mercados intenacionais.

O sector en Galicia está composto por 3.000 empresas, o 37% de primeira transformación e o 63% de segunda transformación de madeira. Conxuntamente dan emprego directo a 20.000 traballadores, estimándose que o emprego indirecto inducido polo sector acada ás 50.000 persoas.

O esforzo de internacionalización realizado polas industrias de primeira transformación favorece a súa menor exposición á actual crise económica, o que non acontece nas industrias de segunda transformación, profundamente afectadas pola redución da demanda nacional. Os procesos de internacionalización do sector no seu conxunto deberían ser apoiados dende o sector público, dada a gran importancia do sector e as súas enormes posibilidades de expansión e especialización en base á gran extensión forestal galega.

- **Sector industrial**

No ano 2013, o sector industrial foi o único sector de actividade que recuperou a senda de crecemento positivo, acadando unha taxa de variación interanual do seu VEB do 1,9%, fronte ao -1,3% do exercicio anterior. A importancia relativa da actividade industrial no VEB a prezos de mercado da economía galega é do 21,1%, 3,6 puntos porcentuais máis que na media estatal.

A evolución do valor engadido polo sector, medido a través do Índice de Produción Industrial, mostra igualmente unha variación positiva do 4,4%, máis acusada que a experimentada en España, que foi do 3,5%. A evolución máis positiva dentro do IPI correspóndese cos bens de consumo, cun incremento do 8,8%.

A recuperación da actividade industrial en Galicia no ano 2013, non impide que se siga perdendo afiliación no sector, así a 31 de decembro de 2013 o sector industrial en Galicia tiña 5.980 afiliados á Seguridade Social menos que na mesma data do ano anterior. Unha perda de ocupación que é case xeneralizada a todas as ramas de actividade industrial, destacando negativamente as ramas de fabricación doutros produtos minerais non metálicos con 1.221 afiliados menos no ano 2013 en relación ao ano anterior.

O crecemento no valor engadido do sector industrial no ano 2013 non se traduce nunha mellora do emprego no sector nin en perspectivas positivas sobre a evolución do mesmo por parte dos empresarios. A recuperación do sector, tanto en termos de actividade como de emprego, está lastrada tanto polas dificultades de acceso ao financiamento por parte das empresas, como polo forte incremento dos custos enerxéticos. O custo da enerxía eléctrica para o consumo industrial medra en España máis dun 46% dende o ano 2007, fronte a incrementos en torno ao 16% na UE-28.

Contar con medidas efectivas de apoio ao sector industrial, en especial no ámbito financeiro e enerxético, parece o camiño máis directo para apoiar a recuperación da actividade económica e favorecer a recuperación dos sectores estratéxicos do sistema industrial galego.

No que respecta ao **subsector enerxético**, no ano 2013 en Galicia, fronte ao descenso no conxunto do Estado, prodúcese un incremento na

produción dispoñible de enerxía por todos os métodos, agás a termoeléctrica cuxa produción diminuíu un 18% en relación ao ano anterior, e que segue a ser a máis importante en termos cuantitativos. A enerxía eólica, segunda en importancia, increméntase un 18,2% e a hidroeléctrica nun 125%.

A demanda de produtos petrolíferos redúcese un 7,2% en Galicia (4,5% de redución media no Estado), directamente afectada pola menor actividade económica.

O sector da **automoción** na nosa Comunidade no ano 2013 comeza a dar claros signos de recuperación, cun aumento do 27,9% na súa facturación e do 2,7% do emprego. Dado o carácter exportador desta industria, o 71% da súa facturación total procede das exportacións.

A recuperación do sector da automoción é fundamental para apoiar o crecemento da actividade produtiva en Galicia, xa que aporta en torno ao 14% do PIB, o 12% do emprego industrial e o 30% das exportacións totais de Galicia.

Finalmente, o terceiro sector estratéxico en Galicia é o subsector da **construción naval**, profundamente afectado pola crise económica, polas modificacións acaecidas no marco normativo contractual e pola competencia existente. A falla de demanda leva ao sector naval galego a rexistrar, no ano 2013, as peores cifras dende o ano 2005. Dos 28 novos contratos asinados polo sector no conxunto do Estado, ningún ten sido asinado por un estaleiro galego. No que respecta á carteira de pedimentos, a situación é tamén peor que no ano anterior, en canto existen 6 pedidos fronte aos 13 do ano 2012, sendo ademais, pedimentos de buques con menor arqueo.

A supervivencia dos sectores estratéxicos, é fundamental para poder asentar a recuperación económica e asegurar un crecemento sostible, baseado na especialización en producións de alta tecnoloxía e gran valor engadido

- **Sector da construción**

O sector da construción no ano 2013 reduce nun 4,1% o seu VEB real, o que supón unha taxa de variación negativa levemente inferior á rexistrada no ano precedente. A importancia relativa da construción no VEB a prezos de mercado da economía galega é do 9,4%, 2,3 puntos porcentuais máis que na media estatal. A importación do VEB xerado pola construción en relación ao total diminúe en máis dun punto porcentual no último ano.

Os resultados do sector da construción no ano 2013 mostran como a actividade continúa a tendencia contractiva, derivada tanto do efecto da consolidación fiscal no ámbito da obra civil, coma da persistencia do proceso de axuste no segmento residencial.

O marcado descenso de actividade do sector ten graves efectos sobre a ocupación, que no último ano se reduce nun 12,7%. O maior peso do sector da construción na economía galega, que na media do Estado, tanto en termos de VEB como de emprego, intensifica os efectos negativos derivados da crise do sector. O sector da construción en Galicia rexistra no ano 2013 un 52% menos de emprego que no ano 2007.

Xunto á redución da demanda privada de vivenda residencial, a licitación pública en Galicia no ano 2013 redúcese un 55% en relación ao ano anterior, o que contrasta co crecemento da licitación de máis dun 23% no conxunto do Estado.

A licitación da Administración Xeral en Galicia redúcese un 73% no ano 2013 en relación ao

ano anterior, fronte ao incremento do 47% no conxunto do Estado. Esta redución é consecuencia da menor licitación na nosa Comunidade do Ministerio de Fomento, 926 millóns de euros menos que os licitados no exercicio precedente dirixidos á construción da liña férrea de alta velocidade na provincia de Ourense.

Fronte ao drástico descenso da licitación da Administración Xeral do Estado en Galicia (pasa de 1.253 millóns de euros no ano 2012 a 334 millóns no ano 2013), a licitación realizada pola Administración Autonómica e Local, increméntase un 83% e un 56% respectivamente, acadando os 164,6 e 148,2 millóns de euros.

O axuste no mercado da vivenda en Galicia continúa no ano 2013, cun descenso do 40,6% no número de vivendas rematadas, do 19,7% no número de visados de dirección de obra nova, do 14,1% na compravenda de vivendas e do 23,7% no número de hipotecas constituídas sobre fincas urbanas. A forte redución da demanda inmobiliaria, tradúcese nun descenso de 9,2 puntos no valor medio do índice de prezos da vivenda, que no ano 2013 se sitúa en 73,5 puntos (2007=100), aínda superior á media estatal que é de 64 puntos.

• Sector servizos

O sector servizos aporta o 65% do Valor Engadido Bruto total da economía galega no ano 2013, en torno a sete puntos porcentuais menos que a media estatal, o que supón case 33 mil millóns de euros e o 4,9% do VEB do sector no conxunto do Estado.

No ano 2013, por segundo ano consecutivo, as actividades englobadas no sector servizos, reducen o seu VEB real. A redución da actividade do sector nun 1,4% no ano 2013, tradúcese nunha redución do emprego equivalente a tempo completo do 1,9%, o que supón 14.000 ocupados menos que no ano 2012, rexistrando o sector servizos en Galicia 709.400 persoas ocupadas. Este sector acolle ao 70,5% dos traballadores ocupados en Galicia, destacando por volume de ocupación as actividades de Comercio por xunto e ao retallo, as Actividades Sanitarias e de Servizos sociais, e as actividades de Hostalería. Salientar tamén a perda de ocupación do 4% e 7,6% nas actividades de Administración pública, seguridade social obrigatoria e Educación, respectivamente.

Dentro do sector servizos, as **actividades comerciais** son básicas en canto a facturación e emprego, e, polo tanto, os graves efectos que sobre o comercio ten a redución do consumo privado esténdense á evolución do sector servizos no seu conxunto.

A rama de comercio ao retallo, perde en Galicia no ano 2012 en relación ao ano anterior, 537 establecementos e 434 empresas. Así mesmo o comercio ao retallo perde no ano 2013 en España, 12.205 ocupados, dos que 6.747 localízanse en Galicia. O descenso de ocupación no sector en Galicia é do 5,9%, (-0,7% de media no Estado), acadando no ano 2013 unha ocupación media de case 108 mil ocupados, o 5,9% do total estatal.

Os efectos da contracción da demanda e a evolución negativa das vendas do sector son especialmente preocupantes nunha actividade intensiva en emprego que acolle, na rama de comercio por xunto e polo miúdo, a 149 mil persoas ocupadas en Galicia. O CES chama a atención sobre a necesidade de valorar a implementación de medidas de apoio e modernización do sector, non só por tratarse de actividades con enorme importancia en canto a VEB ou emprego, senón tamén, porque as actividades comerciais teñen un forte efecto

arrastre sobre outros sectores e actividades, o transporte en especial, e son elementos importantes de dinamización territorial.

Dentro do sector servizos, as **actividades turísticas** son fundamentais na economía galega no seu conxunto, tanto no que respecta aos ingresos e emprego que xeran, como no que se refire ás posibilidades económicas e de fixación de poboación, que abre o turismo para áreas rurais do interior da Comunidade.

O sector turístico en Galicia, no ano 2013 reflicte unha lixeira melloría tanto no número de viaxeiros nacionais e estranxeiros, como no número de pernoitas. Por primeiro ano, agás 2010, medra o número de viaxeiros nacionais, aspecto fundamental para actividade turística en Galicia, onde case oito de cada dez viaxeiros teñen nacionalidade española.

En relación ás actividades de **transporte**, o 72,1% do total de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2013, utilizan o transporte por estrada, seguido en importancia polo transporte marítimo, que move o 23,1% do total de mercadorías en Galicia.

O volume de mercadorías transportadas no ano 2013 redúcese tanto en Galicia como no conxunto do Estado, en concreto as mercadorías transportadas en Galicia son inferiores en relación ao ano anterior, nun 13,2% no caso da estrada, nun 19,3% para o ferrocarril, nun 7,5% no caso dos portos do Estado e nun 5,3% no transporte aéreo, só se incrementa nun 8,2% o transporte de mercadorías nos Portos de Galicia

Finalmente, no que respecta ao **sector financeiro**, no ano 2013 continúa o seu proceso de reestruturación, descendendo o número de oficinas e créditos concedidos polas entidades financeiras en Galicia. Sen embargo, resulta importante salientar o feito de que fronte ao descenso dos créditos concedidos (8,6%), o volume de depósitos rexistrados en entidades galegas, increméntase nun 6% no último ano.

A posta en marcha de medidas dirixidas a potenciar a canalización do aforro ás necesidades de consumo e investimento é fundamental para acadar a recuperación dunha senda de crecemento sostible.

Sector exterior

A consolidación da recuperación económica en termos de PIB na zona euro impulsa o crecemento das exportacións españolas nun 3,6%, que, xunto á contracción das importacións (-3%), afectadas pola redución da demanda interna, favorece a mellora do déficit comercial español, continuando o sector exterior, un ano máis, como principal motor da economía.

A contribución positiva do sector exterior galego ao crecemento agregado da nosa comunidade, é consecuencia do saldo comercial positivo co resto do mundo, xa que o saldo comercial co resto das comunidades autónomas é negativo. No último ano, o saldo comercial co resto do mundo amplíase nun 145%, debido ao leve descenso do 3% no valor das importacións e ao incremento do 11,7% no valor das exportacións. A evolución das exportacións e importacións galegas co resto do mundo trae como consecuencia o incremento na taxa de cobertura en 17 puntos porcentuais.

O principal mercado galego fora das súas fronteiras son o resto de Comunidades Autónomas do Estado español, destino do 41,7% das exporta-

cións e orixe do 53,2% das importacións galegas. O déficit comercial co resto de CCAA aumenta no último ano, situándose en -3.194 millóns de euros.

A antedita consolidación da recuperación económica en termos de PIB na zona euro, en concreto o retorno a taxas de crecemento positivo de países como Alemaña e, en especial, Francia, favorecen a mellora do saldo comercial galego con terceiros países. Ante unha situación económica marcada por unha profunda redución da demanda interna, a apertura de novos mercados e a potenciación das exportacións, parece no corto e medio prazo, un dos vectores clave para estimular o crecemento.

No ano 2013 as importacións galegas do resto do mundo acadaron os 14.353 millóns de euros, o 5,7% do valor total das importacións españolas. O 43,1% do total de importacións galegas correspóndense con combustibles e alimentos, destacando en terceiro lugar as importacións do sector do automóbil.

O principal país de orixe das importacións galegas é Francia por mor do peso da factoría PSA-Citroën, seguida de Portugal.

As exportacións galegas ao resto do mundo no ano 2013 acadaron os 18.424 millóns de euros, o 7,9% do valor total das exportacións españolas, cinco décimas máis que no ano anterior. En termos sectoriais, no ano 2013 as exportacións de produtos alimenticio e enerxéticos descenden, e aumentan as de materias primas, bens de equipamento, seminanufacturas e sector do automóbil entre outras.

O 39,9% do valor total das exportacións galegas correspóndese con vendas de vehículos e prendas e complementos de vestir.

O principal país de destino das exportacións galegas, igual que no caso das importacións, é Francia seguida de Portugal, concentrándose o 37,6% do total de exportacións na euro zona.

As medidas de fomento da actividade comercial exterior galega deben ter en conta a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que, polo seu tamaño e integración, constitúe un espazo básico para o desenvolvemento económico de ámbolos dous territorios.

O valor das importacións galegas redúcese no ano 2013 un 4,4%, e se deducimos as importacións de vehículos de motor e combustibles, que representan en torno ao 41,5% do valor total, as importacións galegas descenden un 3,6% en relación ás realizadas no ano anterior. Na mesma liña, os datos das exportacións galegas vense condicionados pola evolución das exportacións de vehículos automóbiles e materias téxtiles e as súas manufacturas, que representan en torno ao 40% das exportacións totais galegas no ano 2013. Así, fronte ao incremento do 10,5% do valor do conxunto das exportacións, se eliminamos o valor das exportacións de automóbiles e téxtil, as exportacións galegas increméntanse un 3,8%.

O elevado peso de determinados sectores no comercio exterior co resto do mundo pode alterar a avaliación dos esforzos de apertura a mercados internacionais da empresa galega no seu conxunto, uns esforzos que o CES entende deben ser favorecidos e potenciados.

No que respecta ao investimento estranxeiro en

Galicia e de Galicia no exterior, destaca principalmente o seu carácter reducido e inestable. Así fronte ao forte descenso do mesmo no ano 2012, no ano 2013 prodúcese significativo incremento.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia foi de 219 millóns de euros, un 17,8% superior ao do ano anterior, un incremento favorecido polo maior investimento de países como México e Brasil que compensa o descenso do investimento con orixe en Italia, Reino Unido ou Portugal, entre outros.

O investimento bruto galego no exterior foi de 547,6 millóns de euros, un 28,3% superior ao do ano anterior, sendo as ramas de actividades ás que se dedicaron maiores investimentos as relacionadas coas actividades inmobiliarias, co 89% do total, seguidas a moita distancia polas actividades de metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro (3%). ■

.

C4.

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

Prestacións económicas

A poboación galega a 31 de decembro de 2013 era de 2.747.559 persoas, das que aproximadamente o 34% son beneficiarios dalgún tipo de prestación. O número de beneficiarios de prestacións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, ascende de media en Galicia no ano 2013 a 933 mil persoas, en torno a 6.700 beneficiarios menos que no ano anterior.

As prestacións contributivas aumentan en menor medida do que diminúen os beneficiarios de pensións non contributivas e de prestacións por desemprego.

En torno ao 80% do total de beneficiarios en Galicia, teñen unha pensións contributiva. Os beneficiarios deste tipo de pensións en Galicia no ano 2013 foron 739.100 persoas, o 8,2% do total estatal, 6.400 beneficiarios máis que no ano anterior.

Con carácter xeral, as pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, revalorízanse nun 1% no ano 2013. O importe medio das pensións contributivas na nosa comunidade é de 720,32 euros/mes no ano 2013, un 3,5% superior ao importe medio do ano anterior, o que non impide que, un ano máis, Galicia sexa a Comunidade Autónoma con menor importe medio das pensións contributivas.

Do conxunto das pensións contributivas, en Galicia, con 456 mil beneficiarios, o 62% do total corresponden a pensións de xubilación, 60% a nivel estatal, seguidas en importancia numérica polas pensións de viuvez, con 186 mil beneficiarios, e das de incapacidade permanente e orfandade e favor familiar, Agás no caso das citadas pensións de orfandade e favor familiar, o importe medio de todos os tipos de pensións contributivas en Galicia é inferior ao importe medio estatal.

Dada a importancia social, cuantitativa e cualitativa das pensións contributivas, cabe destacar os efectos derivados de que

se siga mantendo o diferencial, de máis dun 17% no último ano, entre o importe medio en Galicia e a media estatal.

No que respecta ás pensións non contributivas, no ano 2013, o número de beneficiarios deste tipo de prestacións redúcese tanto en Galicia como no conxunto do Estado, seguindo a tendencia dos últimos dez anos. En Galicia, de media no ano 2013 existían 43.925 pensións non contributivas, un 2,1% menos que no ano anterior, situándose como a cuarta Comunidade con máis beneficiarios. O sinalado descenso no número de beneficiarios, experiméntase tanto nas pensións de xubilación (representan o 62,4% do total), como nas de invalidez (37,6% do total), con descensos en torno ao 2% en ámbolos dous casos.

Os beneficiarios das prestacións por desemprego ascende a 149.687 persoas, un 7,5% menos que no ano 2012. O 49,3% dos beneficiarios totais teñen dereito a unha prestación contributiva, fronte ao 53,1% do ano 2012; o 42,3% dos beneficiarios acceden ao subsidio de desemprego, fronte ao 39,6% do ano anterior, e, finalmente, o 8,3% dos beneficiarios acóllense á renda activa de inserción, fronte ao 7,2% do ano anterior.

En paralelo ao aumento do paro rexistrado en Galicia no ano 2013, o número de beneficiarios das prestacións por desemprego, tanto contributivas como asistenciais, diminúe. Esta caída no número de beneficiarios, desemboca nun descenso da taxa de cobertura xeral, así como da porcentaxe de beneficiarios de prestacións contributivas sobre o total. O contexto descrito fai necesario, en opinión do CES, adaptar a cobertura social ás circunstancias derivadas da profunda crise económica sufrida.

A persistencia dos elevados niveis de desemprego, o aumento dos niveis de pobreza e a redución dos ingresos dos fogares, está asociado a un maior número de peticións e de beneficiarios da Renda de Integración Social e das Axudas de Emerxencia Social. O número total de beneficiarios da RISGA a 31 de decembro de 2013 foi de 9.300 persoas, 2.582 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior; sendo o perfil xeral dos perceptores desta renda, o dunha muller entre 35 e 44 anos, solteira ou separada, con cargas familiares, que vive nunha zona urbana, cun nivel de estudos primarios incompletos e que se atopa en situación de desemprego. O importe medio da RISGA no ano 2013 é semellante ao do ano anterior, situándose en torno aos 390,5 euros.

En canto ás Axudas de Emerxencia Social (AES), concedéronse no ano 2013 un total de 2.653 axudas, cunha contía media de 1.038,17 euros, sendo o perfil dos beneficiarios destas axudas, novamente o dunha muller entre 35 e 44 anos desempregada e con estudos primarios.

O importe da renda de integración en Galicia sitúase no 62,3% do salario mínimo profesional, fronte ao 65,6% na media do Estado, e a taxa de cobertura desta renda é do 3,08 por cada mil habitantes fronte ao 4,6 de media no Estado.

O CES insiste na necesidade de incidir nas medidas para garantir os mínimos de subsistencia ante a profundización dos efectos sociais da crise económica.

Saúde

A evolución do sistema sanitario en Galicia nos últimos anos está marcada polas diferentes reformas normativas derivadas, fundamental-

mente, da necesidade de redución do déficit público. O orzamento das partidas dedicadas á sanidade acentúa a súa caída no ano 2013, cun crédito de 3.209 millóns de euros, un 4,3% menos que no ano anterior.

A un de xaneiro de 2013, o 23,1% da poboación galega tiña máis de 65 anos, fronte ao 17,7% de porcentaxe media no conxunto do Estado. Este maior peso porcentual implica uns índices de vellez e de dependencia senil, entre outros, superiores á media española. O grao de envellecemento da poboación afecta directamente ao gasto sanitario e a redución de recursos afecta en maior medida á poboación con maiores necesidades asistenciais, basicamente, a poboación de maior idade.

O CES reitera a necesidade de ter en consideración que, xunto aos recursos económicos dispoñibles, a evolución e idiosincrasia demográfica galega condiciona de xeito fundamental as necesidades actuais e futuras do sistema sanitario, entre outros.

No ámbito dos indicadores de saúde, destaca o estudo das causas principais das máis de trinta mil defuncións que se produciron en Galicia no ano 2012. En primeiro lugar destacar que o 62% do total de persoas finadas no citado ano, tiñan máis de 80 anos. Entre as principais causas de defunción están as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio e os tumores, que, conxuntamente, causan o 60,7% das defuncións. O 74,5% do total de finados por enfermidades do sistema circulatorio e o 38,7% por tumores eran persoas con máis de 80 anos.

Os recursos destinados no orzamento do ano 2013 aos "Programas poboacionais de cribado" redúcense un 15,1%, pasando de 1,4 millóns de euros no ano 2012 a 1,2 millóns en 2013.

Fronte ao incremento das enfermidades tumorais e a importancia das medidas de prevención, o CES insiste na necesidade de incrementar os fondos destinados á investigación e á implementación de programas de cribado, que permitan reducir a incidencia e favorezan a efectividade dos tratamentos.

Entre os indicadores do funcionamento do sistema sanitario, é especialmente significativa a situación e evolución das listas de agarda, tanto estrutural como cirúrxica. Neste senso, a espera media para acceder a unha primeira consulta de enfermidade é no ano 2013, de 49,5 días, a máis reducida dende 2005 (primeiro ano do rexistro), en concreto, dos 139 mil pacientes en lista de espera estrutural de primeira consulta, o 86% agarda menos de 3 meses.

No que respecta á lista de espera estrutural cirúrxica, no ano 2013, o tempo de espera media mantense estable en torno anos 84 días, máis o número de pacientes na lista aumenta un 1,3% no último ano, sendo as persoas que a integran 36.562, das que o 29,5% (10.786 pacientes) esperan máis de tres meses para ser atendidos.

O tempo medio de espera máis elevado está na especialidade de traumatoloxía, onde tamén están en espera o maior número de pacientes.

Un dos indicadores do grao de eficiencia e de calidade da sanidade son as listas de agarda, que deben priorizar adecuadamente aos doentes e garantir que non se exceden os tempos máximos establecidos.

Os protocolos utilizados para elaborar as listas de agarda, deben ser axeitados para que as ditas listas proporcionen a información necesaria para valorar o cumprimento dos obxectivos marcados.

Outro dos indicadores sanitarios a ter en conta son os relacionados co gasto sanitario.

A estrutura e volume poboacional así como as características xeográficas de Galicia, determinan un gasto sanitario elevado, o quinto máis importante do Estado; este gasto sanitario acada en termos per cápita, tendo en conta ao total da poboación, 1.237 euros no ano 2013, o sexto máis elevado do conxunto das CC.AA. O gasto sanitario per cápita redúcese un 8,2% dende o ano 2009.

A evolución do gasto farmacéutico público, debe observarse tendo en conta as modificacións normativas que afectan ás condicións de financiamento público dos medicamentos. No ano 2013, Galicia é a quinta Comunidade co gasto farmacéutico máis elevado, a pesar de que a factura das receitas prescritas reduciuse un 2,5% en relación ao ano anterior.

Despois dunha medra continuada dende o ano 2000, no ano 2011, como consecuencia da reforma do modelo de prestación, diminúe por primeira vez o custo da prestación farmacéutica en Galicia, tendencia que continúa no ano 2012 e 2013. Nos tres últimos anos, rexístrase unha redución do gasto farmacéutico público, do 16,5%, fronte ao incremento de máis do 3% da poboación maior de 65 anos e case do 11% da poboación con máis de 80 anos.

A obriga de asumir por parte do paciente, unha parte do custo de determinados medicamentos, antes exentos, coadxuva á redución do 1,1% no gasto medio por receita facturada no ano 2013, o que non evita que Galicia se sitúe no terceiro posto entre as CCAA con maior gasto medio por receita, con 11,55 euros de media. Por outra banda, o volume de receitas descende un 1,4% en relación ao ano anterior. En Galicia dispénsanse 22,6 receitas por persoa protexida, 3,6 receitas máis que a media estatal.

Como piar fundamental do modelo de benestar social, o CES non pode menos que mostrar a súa preocupación pola paulatina redución dos gastos sanitarios, e os efectos sobre a poboación que esta redución ten, en termos de listas de agarda, menores recursos asistenciais así como para as políticas de prevención, entre outras e, especialmente, dada a estrutura poboacional galega, no que respecta ao gasto farmacéutico.

Indicadores de benestar social

Os indicadores do ano 2013 reflicten, no seu conxunto, menores niveis de benestar social e incremento no nivel de pobreza da poboación.

O indicador AROPE (At Risck Of Poverty and/or Exclusion) mostra que no ano 2012, o 24,8% da poboación da UE-28, atópase en situación de risco de pobreza e exclusión social. En España esta porcentaxe ascende ata o 28,2% e en Galicia ata o 23,2%, o que supón 645.000 galegos nesta situación. O AROPE galego do ano 2012 é seis décimas inferior ao do ano anterior, o que sitúa a Galicia como a sétima comunidade autónoma con menor AROPE, lonxe de Navarra ou o País Vasco que posúen os niveis máis baixos de pobreza medida a través deste indicador.

A pesar da relativa estabilidade dende o comezo

da crise económica no ano 2008 da porcentaxe de poboación en situación de pobreza medida a través do AROPE, os ingresos medios mensuais por fogar e persoa diminúen notablemente, pasando de 2.029 e 761 euros respectivamente no ano 2008 a 1.906 euros de ingreso medio mensual por fogar e 734 euros por persoa no ano 2012.

A paulatina redución dos ingresos e da renda media dos fogares galegos, deriva en que no ano 2012, o 44,6% dos fogares galegos tiñan uns ingresos inferiores a 1.500 euros, e o 25% dos fogares ingresaban mensualmente menos de 1.000 euros. A progresiva redución dos ingresos medios por fogar dende que comezou a crise económica está asociada a unha cada vez maior porcentaxe de persoas con dificultade para chegar a fin de mes (71,4% do fogares galegos no ano 2013), o que se asenta tamén no feito de que das aproximadamente 1.038.000 vivendas familiares principais, contabilizadas en Galicia no ano 2013, 32.000 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos, e en 412.500 vivendas só un membro percibía algún ingreso, isto é salario, pensión ou prestación. Dende o ano 2010 ata o 2013, o número de vivendas sen perceptores de ingresos case se duplica en Galicia, pasando de 19.000 a 32.000 fogares.

A citada redución de ingresos supón tamén nunha cada vez maior porcentaxe de galegos en situación de carencia material, a este respecto compre salientar que no ano 2012 en Galicia iniciouse o procedemento de execución hipotecaria sobre 1.660 vivendas de titularidade de persoas físicas, o 2,5% do total estatal, rexistráronse 864 adxudicacións por execución de hipoteca sobre vivendas de titularidade de persoa física, o 2,2% do total estatal, e rexistráronse 227 dacións en pago, o 1,6% do total do Estado.

As circunstancias xeográficas e demográficas tamén inciden notablemente nas probabilidades de caer nunha situación de pobreza e exclusión social, de xeito que en Galicia no ano 2012 a taxa de risco de pobreza ou exclusión social era do 23,58% (Estratexia Europa 2020), acadando valores en torno 27% na provincia de Pontevedra.

O risco de pobreza ou exclusión social é similar entre homes e mulleres. Por idades a poboación en idade infantil e xuvenil é a máis exposta á pobreza, en concreto o 27% dos galegos menores de 16 anos están en risco de pobreza; en comparación co ano 2011, o único intervalo de idade que descende a súa taxa de risco de pobreza ou exclusión social son os maiores de 65 anos, grazas á protección que supón o sistema de pensións.

Así mesmo outro condicionante dun maior risco de pobreza son os diferentes tipos de fogar e a existencia ou non de cargas familiares; neste senso no ano 2012 en Galicia as maiores taxas de risco de pobreza e exclusión social, atopábanse en fogares monoparentais (40,46%), e, en concreto en fogares compostos por un adulto con nenos a cargo (56,32%).

A persistencia da crise económica e os seus efectos sobre a poboación están a derivar nunha cada vez maior porcentaxe de persoas en situación de pobreza ou exclusión social. Unha situación a súa vez agravada, entre outros factores, polos preocupantes incrementos dos custos enerxéticos, que impactan, de xeito especial, nos fogares máis vulnerables, é dicir, aqueles fogares máis afectados polo desemprego e pola redución dos seus ingresos.

Esta situación pon de manifesto a vulnerabilidade das familias, con serios problemas para facer fronte aos seus compromisos de pago en bens como a vivenda, e ás súas dificultades para man-

ter cubertas as necesidades básicas.

Por todo isto, o CES chama a atención sobre a importancia, nestes momentos, de reforzar todas as actuacións e medidas de política social, vivenda, educación e sanidade que permitan manter unhas condicións de vida dignas e que contribúan á cohesión social.

En especial, o CES entende primordial implementar medidas para paliar as situacións de pobreza que afectan á poboación en idade infantil e xuvenil.

Tal como aconteceu no ano 2012, novamente ano 2013 descende o número de solicitudes de dependencia, un 6,7% menos que no ano anterior, fronte ao incremento do 0,4% a nivel estatal. Un ano máis tamén descende a porcentaxe de beneficiarios con dereito a prestación, pasando do 73,6% rexistrado no ano 2012 ao 70,5% no ano 2013. A 31 de decembro de 2013 en Galicia rexistráronse 56.835 beneficiarios con dereito a prestación, dos que o 31,1% son grandes dependentes (Grado III).

A 31 de decembro de 2013 o número de beneficiarios dos Programas Individuais de Atención son 38.729, un 0,8% menos que no ano anterior. En Galicia no ano 2013 o 31,9% das persoas con dereito a prestación non dispoñían dela, sendo a terceira Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de persoas nesta situación, por detrás de Canarias e Murcia.

As medidas de racionalización do sistema da dependencia teñen modificado o sistema, tanto cualitativa como cuantitativamente, a través da redución de recursos orzamentarios ou da minoración das contías máximas e mínimas, entre outros. O CES entende prioritario que todas as persoas que teñan recoñecido o seu dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia, accedan á mesma no menor tempo posible.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Un dos obxectivos marcados na Estratexia Europa 2020 para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador é o de loitar contra o cambio climático e acadar unha maior sustentabilidade enerxética. Sobre esta base, o Plan Estratéxico de Galicia 2014-2020 inclúe obxectivos estratéxicos cara acadar o mesmo fin, no seu eixe 4: "sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial".

Entre os indicadores de cumprimento dos sinalados obxectivos están as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). O informe de emisións de GEI en Galicia, sinala que as emisións en Galicia atópanse un 1,9% por debaixo dos valores do ano 1990, sendo o obxectivo proposto na Estratexia Europa 2020 o de reducir as emisións nun 20% entre 1990 e 2020.

O índice de emisións de CO_2 equivalente, que permite observar o grao de cumprimento dos obxectivos de Estratexia Europa 2020, mostra un forte descenso das emisións no período 2008-2010 e un repunte das mesmas no ano 2011. As reducións das emisións no período 2008-2010 están asociadas, fundamentalmente, ao freo na actividade económica; no ano 2011 as maiores emisións son consecuencia do crecemento das asociadas ás industrias do sector enerxético, que aumentaron un 32,5%, e, en moita menor medidas ao incremento do 0,6% das emisións asociadas aos procesos industriais.

Neste senso, paralelamente ao incremento das emisións no ano 2011 en Galicia, redúcese o gasto da industria en protección medioambiental un 0,4% en relación ao ano anterior, en concreto o investimento mediambiental en Galicia redúcese un 17% en relación ao 2010, fronte ao 10,6% de descenso medio no Estado.

En relación á protección da natureza e ás emisións de CO_2, tamén é salientable o efecto positivo en canto á fixación de carbono e á redución dos procesos de erosión do solo, que teñen as superficies arboradas, que, segundo os datos proporcionados polo IV Inventario Forestal publicado no ano 2012, teñen en Galicia un peor estado sanitario que fai dez anos.

Os xa constatados efectos do cambio climático en Galicia, tales como incrementos de temperatura, cambios na distribución da choiva e de hábitos migratorios das aves, cambios fenolóxicos na flora, ascensos entre 2 e 2,5 cm. no nivel do mar por década, a perda da diversidade biolóxica que supón a existencia de especies ameazas, ou, entre outros, o empeoramento do estado dos bosques galegos, requiren de políticas específicas e excepcionais de protección e conservación. O CES reitera a súa preocupación e estima que a protección medioambiental é un elemento fundamental do desenvolvemento rural, que debe facerse compatible coas necesidades da estrutura produtiva e o desenvolvemento económico de Galicia, con maior incidencia no sector primario.

A principal ameaza que sofre o bosque en Galicia, e ademais, un importante emisor de CO_2 á atmosfera, son os incendios forestais. No ano 2013, diminúe o número de incendios nun 24% en relación ao ano anterior, pero a superficie queimada nos mesmos, increméntase nun 26%.

Dada a extensión de superficie forestal existente en Galicia, así como a súa enorme importancia económica, medioambiental e social, é necesario recalcar a importancia das medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, facendo fincapé na prevención a través, entre outras medidas, da limpeza de montes, da concienciación e de repoboacións das chamadas especies protectoras, que favorecen a conservación e mellora da diversidade forestal.

Ocio e cultura

Os efectos da crise económica e das políticas tributarias están afectando entre outros, ao sector cultural en Galicia, que no ano 2012 reduce novamente o volume de emprego, de empresas, de gasto público e de consumo cultural.

A crise do sector non parece ter tocado fondo, así o emprego cultural no ano 2012 cae un 12%, fronte ao 5% de descenso medio no conxunto do Estado. As empresas culturais rexistradas no ano 2012 en Galicia son 5.440, un 1,2% menos que no ano anterior. O gasto público en cultura realizado pola Administración Autonómica no ano 2011 (último dispoñible) foi un 13,4% menor que no ano anterior e o consumo privado descende tamén un 5%, sendo o principal destino deste gasto privado a compra de quipos e accesorios audiovisuais de tratamento informático.

O descenso do gasto cultural no período 2008-2012 redunda nun descenso da produción editorial, en menor número de espectadores de obras escénicas, así como nunha menor recadación,

salvo de concertos. Un aspecto negativo salientable é tamén o descenso na asistencia a salas de exhibición de cine, que pasan de case 6 millóns de espectadores no ano 2005 a 3,8 millóns no ano 2012, Galicia con unha asistencia media de 1,4 veces por habitantes, se sitúa no penúltimo posto de comunidades con menor asistencia superando só a Estremadura. Este descenso na asistencia ás salas de cine, redunda nun menor número de películas exhibidas e nunha redución dos espectadores das producións ou coproducións galegas, que no ano 2012 recadan case sete veces menos do que recadaban no ano 2009.

A crise do sector cultural e de ocio fai necesario que se instrumenten medidas paliativas e de recuperación da actividade económica no sector, que estimulen a produción e o consumo. ■

C5.

RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

Capital humano

A calidade da educación da poboación constitúe un piar fundamental no que asentar e impulsar o desenvolvemento económico e a mellora do benestar social dun territorio. Con este obxectivo xenérico, que engloba, entre outros, os relativos á loita contra a exclusión social, reducindo as taxas de abandono escolar e mellorando os niveis de calidade; a mellora da empregabilidade; e o estímulo do espírito emprendedor dos estudantes, no ano 2013 aprobouse a lei 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

O CES quere chamar a atención de que a LOMCE constitúe a sétima reforma educativa dende que se aprobou a Constitución. De cara ao futuro, reclama aos poderes públicos dotar de estabilidade normativa ao sistema educativo a través dun amplo consenso social.

O principal problema educativo en Galicia e no conxunto do Estado é o abandono educativo temperá que afecta na nosa Comunidade Autónoma ao 20,4% dos mozos entre 18 e 24 anos, case catro puntos por baixo da media española pero lonxe de obxectivo do 10% para o ano 2020. Por unha banda, a porcentaxe de persoas entre 30 e 34 anos con educación superior en Galicia é do 42,4%, porcentaxe que se sitúa por riba da media española e do obxectivo establecido para o 2020.

Xunto ao devandito abandono educativo temperá, outro indicador da eficacia do sistema educativo galego é a taxa de idoneidade da poboación entre 10 e 15 anos. O 37,5% dos alumnos de 15 anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade, sendo a sexta Comunidade con maior porcentaxe nesta taxa.

Parece difícil que no actual contexto de axustes orzamentarios, se logre converxer ata acadar o obxectivo marcado na Estratexia Europa 2020

relativo ao abandono escolar temperá, indicador moi importante por estar intimamente ligado ao elevado paro xuvenil.

No que respecta ás ensinanzas non universitarias de réxime xeral, ao longo dos últimos anos produciuse unha evolución positiva do alumnado nos centros públicos, acadando os 259.746 alumnos no curso 2013-14 (13.538 máis que no curso 2008-09), mentres que o profesorado descende paulatinamente ata os 28.623 profesores no último curso (1.406 profesores menos). Entre os dous cursos considerados aumenta a concentración do alumnado nos centros públicos (72,4% no curso 2013-14) descendendo na mesma proporción no caso do profesorado (78,6%).

A non reposición das prazas de profesores xubilados é a causa fundamental da redución do número de profesores, o que debe de valorarse tendo en conta que en Galicia só o 8% dos profesores teñen menos de 30 anos (14,3% no conxunto do Estado), mentres que a nosa comunidade conta coa porcentaxe máis elevada do Estado de profesores con máis de 60 anos, o 9,6% do total do profesorado que exerce en Galicia (4,6% de media en España).

Tendo en conta que Galicia é a comunidade autónoma con maior porcentaxe de profesorado con idades próximas á xubilación e unha das que presenta menor porcentaxe do profesorado con menos de trinta anos, o CES reitera que a fixación dunha taxa de reposición apropiada a cada territorio e á súa estrutura demográfica é fundamental para o bo funcionamento do sistema educativo.

É tamén destacable o incremento das matriculacións nas ensinanzas de Formación profesional, que no curso 2013-14 sitúase nos 34.755 alumnos. Ao longo dos últimos seis cursos o alumnado medrou case un 20% (5.759 alumnos máis) sendo esta medra do 18,1% nos públicos e do 27,4% nos privados (1.496 máis). Entre eses anos, o peso do alumnado nos centros públicos mantense en torno ao 80%.

Un aspecto importante a salientar é a posta en marcha de ciclos formativos na modalidade de formación profesional dual no ano 2013. Neste primeiro ano o número de centros que están desenvolvendo proxectos de formación profesional dual ascendeu a catro, participando nesta modalidade unha empresa e quince alumnos. Para o ano 2014 mantense o número de centros pero ascende o número de alumnos e empresas participantes ata os 61 alumnos e 20 empresas.

Un indicador fundamental de equidade no sistema educativo, así como un elemento clave no ámbito da conciliación familiar, o constitúen os programas de bolsas e axudas públicas concedidas polas diferentes administracións. Mentres que o peso relativo do importe total das axudas galegas no conxunto do Estado mantense relativamente estable ao longo dos últimos cursos, o número de bolsas e axudas e o de bolseiros medra de xeito mías acusado. Se no curso 2008-09 Galicia representaba o 2,4% das bolsas e o 3,3% dos bolseiros, no curso 2011-12 (último dato dispoñible) estas porcentaxes eran do 6,9% e 6,4%, respectivamente.

No que respecta á educación universitaria, un curso máis redúcese o número de alumnos no sistema universitario galego. Ao igual que no ano anterior, as caídas do número de alumnos rexistrados nas universidades de Santiago e A Coruña, supera ao lixeiro crecemento da Universidade de Vigo.

Investigación e tecnoloxía

A mellora dos indicadores de I+D+i en Galicia, que leva a situar á Comunidade Autónoma na categoría de "innovador moderado", non é suficiente para achegar a Galicia ao cumprimento dos obxectivos marcados na Estratexia Europa 2020, fundamentalmente no que respecta á porcentaxe do 3% de gasto de I+D sobre o PIB.

O novo período de programación dos fondos europeos 2014-2020 inclúe a Estratexia de Investigación e Innovación para a Especialización Intelixente (RIS3), como mecanismo de definición da política rexional en materia de investigación e innovación.

A diagnose previa á elaboración da RIS3 identifica as principais áreas de especialización da Comunidade Autónoma. No que respecta á especialización produtiva, constátase a relevancia da automoción, construción naval e da industria téxtil e confección. No que respecta á especialización tecnolóxica, constátase a especialización de Galicia nas actividades relacionadas cos recursos endóxenos, e, finalmente, en relación á especialización científica, destacan as dúas áreas nas que Galicia é máis competitiva internacionalmente, o medio mariño e a saúde.

Da análise do Sistema Galego de Innovación dedúcese que entre as debilidades e ameazas do mesmo, salientan, entre outras, o reducido tamaño medio das empresas que condiciona a súa capacidade de absorción e translación de novo coñecemento, e a especialización relativa en sectores que non son intensivos en coñecemento, que determinan a baixa capacidade de tracción no campo da innovación e do coñecemento por parte do sector privado.

O gasto interno en I+D en Galicia, público e privado, redúcese no ano 2012, último dispoñible, un 7,3% en relación ao ano anterior, descenso motivado fundamentalmente, pola caída do 12% do gasto en I+D das empresas en Galicia.

A porcentaxe de gasto sobre PIB acada o 0,87% fronte ao 0,93% do ano anterior, sendo a porcentaxe da UE-27 do 2,06%.

A redución dos recursos en I+D sitúa a Galicia cada vez máis lonxe do obxectivo do 3% para o ano 2020, de xeito que a crise económica non só deriva nunha redución do esforzo investidor, senón tamén nunha maior separación respecto ao esforzo investidor medio europeo. O CES entende necesario destinar recursos a I+D cara acadar os obxectivos comprometidos que permitan incorporar no modelo de crecemento o progreso tecnolóxico.

Un menor PIB per cápita relaciónase cun menor esforzo investidor en I+D, así as Comunidades cun maior PIB per cápita son as que presentan unha maior porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB total. Neste senso, no ano 2012 en Galicia o gasto interno en I+D por habitante descendeu ata os 176,6 euros, 11,7 euros menos que no ano anterior, lonxe da media estatal (286,6 euros por habitante), e moi afastado das Comunidades que realizan un maior esforzo como Pais Vasco ou Navarra.

Fronte ao descenso do gasto en I+D por habitante, o gasto en I+D por investigador, increméntase un ano máis, acadando en torno aos 89.600 euros, favorecido pola redución no ano 2012 do 12,6% no número de investigadores. A pesar deste incremento Galicia segue sendo unha das comunidades con menor gasto en I+D por investigador.

Outro obxectivo a acadar é incrementar o peso do gasto privado no total de gasto en I+D. No ano 2012 en Galicia do total do 0,87% do PIB dedicado a I+D, o 54% era gasto público e o restante 46% gasto privado, polo que o obxectivo de lograr que o 75% do gasto en I+D sexa privado no ano 2015 semella difícil. Por outra banda, fronte á maior porcentaxe de gasto público que privado en Galicia, a nivel estatal a pauta é diferente, cunha maior porcentaxe de gasto privado que público.

Finalmente, no que respecta á orixe do gasto público en I+D, o 73,3% do total no ano 2012 execútase polas institucións de ensinanza superior, fundamentalmente Universidades.

Xunto á citada redución de recursos económicos dedicados á I+D no ano 2012, prodúcese tamén un axuste nos recursos humanos dispoñibles para investigación, así en relación ao ano 2011, en Galicia redúcese un 6,3% o persoal dedicado á I+D, superando a redución do 2,9% a nivel estatal. O citado axuste prodúcese principalmente no sector público que reduce o persoal nun 32,9%, sendo dita redución para o persoal investigador do 18,8%.

O investimento da Xunta de Galicia para I+D+i, no ano 2013, dentro do grupo de produción de bens públicos de carácter económico, aumenta un 13,6% en relación ao ano anterior. O financiamento de proxectos a través do CDTI, que no ano 2013 comprometeu 15,1 millóns de euros para o financiamento directo de 35 proxectos de I+D en Galicia.

Xunto ao financiamento proveniente do sector público, un aspecto fundamental dentro dun sistema de innovación equilibrado é o peso do gasto en innovación por parte do tecido empresarial. En Galicia no ano 2012 existen 1.092 empresas con actividades innovadoras, sendo a intensidade innovadora media do 3,3% superior ao 2% do ano 2011, indicativo do esforzo realizado no último ano.

Reforzar as actuacións no ámbito da I+D é fundamental para avanzar na recuperación económica, propiciando un achegamento aos indicadores medios europeos, a través dun maior esforzo investidor tanto público como privado neste campo, e unha maior colaboración entre ambos.

En relación aos indicadores de alta tecnoloxía, en primeiro lugar tomamos como tal o número de empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía, que en Galicia no ano 2012 ascendían a 103, o 4,4% do total estatal, empresas que destinaron un total de 69,4 millóns de euros a actividades de I+D e empregaron a 1.027 traballadores en ditas actividades. As 140 empresas de servizos de alta tecnoloxía existentes en Galicia no ano 2012, realizaron un gasto de 61,6 millóns de euros e empregaron a 1.250 persoas nas citadas actividades de I+D.

O comercio exterior de alta tecnoloxía é un indicador importante para medir a competitividade internacional dun territorio, neste senso Galicia no ano 2013 incrementa o saldo positivo na balanza comercial deste tipo de produtos, consecuencia fundamentalmente, da redución do 29% no valor das importacións de produtos de alta tecnoloxía.

Outro indicador importante do desenvolvemento tecnolóxico é o dinamismo rexistrado na propiedade industrial. No ano 2013 obsérvase un estancamento no número de solicitudes, fundamentalmente debido ao descenso no número de patentes, que pasan de 185 no ano 2012 a 164 no 2013.

O volume e impacto da produción científica desenvolvida nun territorio, e, en concreto, os indicadores bibliométricos, son indicadores básicos dos outputs xerados pola actividade científica no territorio. Neste senso o Plan Nacional de I+D+i establece que a produción científica española, respecto á mundial, debería estar en torno ao 3,6%. No ano 2011, último dispoñible, Galicia á a quinta Comunidade con maior número de publicacións científicas no total estatal. ■